



Excmo. Concello do  
**CARBALLIÑO**  
SECRETARIA



Praza Maior, 1  
32500 - O CARBALLIÑO (Ourense)  
TLF.: 988.53.00.07 - FAX: 988 53.00.08  
departamentosecretaria@carballino.gal

Xunto con este escrito envío certificación do PLENO ordinario celebrado o día 14 de xullo do 2017, relativo a MOCION DE AV-SON PARA QUE A CONSELLERIA DE EDUCACION DA XUNTA DE GALICIA ASUMA O SERVIZO DE COMPLEMENTARIO DE CONCILIACION FAMILIAR DE VIDA LABORAL DOS PAIS E NAIS CO XORNADA ESCOLAR DO SEUS FILLOS E FILLAS

O Carballiño, 7 de agosto do 2017

O ALCALDE



**FEGAMP**

Rúa de Varsovia, 4C,  
15707 Santiago de Compostela



D. MARIA GEMA RODRIGUEZ GONZALEZ SECRETARIA ACCTAL. CONCELLO DO CARBALLIÑO.-----

**C E R T I F I C O:**

*Que no borrador da acta do **Pleno** en sesión **ordinario** celebrada no salón de sesións ó día **14 de XULLO do 2017** consta acordo que copiado en extracto dí:*

**4.- MOCIÓN AV-SON PARA QUE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA ASUMA O SERVIZO COMPLEMENTARIO DE CONCILIACIÓN DE VIDA LABORAL DOS PAIS E NAIS COA XORNADA ESCOLAR DOS SEUS FILLOS E FILLAS.**

A secretaria pasa a dar lectura do ditame da Comisión informativa de obras, urbanismo, servizos públicos e medio rural de data 13.07.2017.

O alcalde dálle a palabra ao Sr. Garcia quen pasa a explicar a moción presentada polo seu grupo e di que sabe de sobra que o Servicio de bo día familia mentres non o preste a Xunta teno que prestar o concello xa que ademais beneficia aos máis desfavorecidos.

Nesta primeira quenda de intervencións renuncia ao seu uso o voceiro do BNG e toma a palabra o Sr. Marnotes, ques manifesta que, conforme está presentada a moción, o seu grupo va votar en contra e iso porque a conciliación non é educación, ten máis que ver con servizos sociais, o Servicio de bo día familia é para conciliar a vida laboral e familiar. O que si é certo que o están facendo moitos concellos e o que se está a demandar por todos os concellos é un pacto coa Xunta de Galicia para que se garanten axudas económicas. Propón a seguinte transaccional: "Que o Concello do Carballiño inste á Xunta de Galicia, en coordinación e coa colaboración da FEGAMP, a promover un pacto pola conciliación e a corresponsabilidade no ambito da vida laboral, familiar e persoal nos concellos galegos."

O Sr. Garcia, di que non está de acordo co Sr. Marnotes, porque cre que a mellor garantía para a conciliación vén da Conselleria de Educación dentro de los centros escolares. Mantén a moción tal e como está, non acepta a transaccional, xa que é inxusto que os concellos asuman funcións que non lle corresponden.

O Sr. Ferreiro, anuncia o voto favorable do seu grupo, sinalando que o BNG sempre fixo causa dos Servizos Sociais e de Educación. Cre que dirixirse a través da FEGAMP á Xunta de Galicia se debería facer de forma conxunta con outros concellos e que a través dela se faga o debate.

O Sr. Marnotes, aclara que conciliar non é só na época escolar, senón tamén conciliar é no verán e nas épocas que non hai colexio. O camiño é instar á Xunta a través da FEGAMP a un pacto para conciliar.

Remata o alcalde, sinalando que desde o PSOE se entende a educación desde un concepto máis amplo, que inclúe a conciliación da vida familiar e laboral por iso van apoiar a moción, non comparte o dito polo Sr. Marnotes.

Sen máis, o asunto sométese a votación e a corporación por 10 votos a favor do PSOE, BNG e AV-SON e 4 votos en contra do PP ACORDA:

1º A Conselleria de Educación da Xunta de Galicia debe asumir tódolos servizos relativos ao ensino universal e gratuito entre os que se inclúen a xestión dos horarios que permitan a conciliación da vida laboral dos pais e nais e a escolar dos fillos e fillas, hoxe por defecto asumido polo Concello do Carballiño coa denominación de "Bo Día Familia"

2º Este acordo será trasladado á Consellería de Educación.

3º Así mesmo seralle comunicado á FEGAMP para que defenda o interese común dos concellos neste asunto ante os organismos competentes en materia educativa como poden ser a Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación.-----

E para que conste, expido o presente certificado, tengo en conta o previsto no art. 206 do Regulamento de organización e funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde Francisco José Fumega Piñeiro firmo na Casa do Excmo. Concello do Carballiño a sete de agosto do dous mil dezasete.

Vº e PRACE,  
O ALCALDE,

